

Antía Yáñez: "O poder que ten a literatura é amosar historias diferentes á narrativa dominante"

A escritora Antía Yáñez (Burela, 1991) vén de publicar *Be Water II: Terra* (Cuarto de Inverno, 2025), a segunda obra da saga *Be Water*, que continúa a historia de Iolanda e da súa filla Lucrecia, habitantes dun mundo onde os humanos tiveron que comezar a vivir en colmeas subterráneas.

María Amigo 18 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/antia-yanez/20260218220317247781.html>

—*Be Water II: Terra* é o segundo tomo dunha saga distópica. Que a levou a escoller este xénero?

A fantasía e a ciencia ficción sempre me gustaron, foi con *Os xogos da fame* como descubrín o xénero da distopía xuvenil. Tamén é un tema a debater o que é ou non é xuvenil, porque parece que se pon esa etiqueta máis facilmente cando escriben mulleres.

A distopía é unha forma de criticar o presente índonos ao futuro. A min gústame escribir ficción e afastarme da realidade que estou vivindo e a fantasía sempre é unha ferramenta útil.

En xeral eu, como lectora, cando collo un libro, o que quero é tamén escapar por medio da imaxinación, igual que escapo vendo unha serie ou unha película.

Aínda así gústame facer preguntas sobre cara a onde nos encamiñamos como humanidade e cal será o noso futuro.

—Continuar esta saga foi máis sinxelo ou máis complicado que comezar unha novela desde cero?

Máis difícil, porque había moitas expectativas creadas con *Be Water I* e había cousas das que non me lembraba. Tiña moito medo, primeiro a defraudar, e despois a ser incongruente co primeiro libro, que o escribín en 2019. Dese ese ano cambiei bastante e tiña medo de que parecese que o escribían dúas persoas distintas.

Todo isto afectoume psicoloxicamente, por iso tardei tanto en sacar esta segunda parte.

—Na obra trata temas que están á orde do día. Como alimenta a actualidade a súa produción literaria?

As miñas preocupacións, aínda que intente fuxir delas, sempre están aí, pero gústame abordalas dunha maneira diferente. Sempre tiveron a lectura como un pracer e non collo un libro para ver confirmados os meus pensamentos, cóllo por lecer. Vivo no mundo, son filla da miña xeración,

son milenial, sufrín diferentes crises e non podo evitar que me preocupen temas que probabelmente lle preocupen a outros millóns de persoas no mundo. Ao final, como escribo do que me interesa, remato indo a cousas que son moi comúns.

—Iolanda e Lucrecia non son o tipo de protagonistas que adoitamos ver nas sagas de aventuras xuvenís. Que importancia ten que existan este tipo de referencias na literatura?

A min o que me gusta da literatura, aínda que ás veces cústame atopalo, é o non ver a mesma idea repetida unha e outra vez. A realidade é múltiple.

Cando era lectora adolescente sempre lía o mesmo tipo de libros, unha literatura romántica que repetía unha e outra vez o mesmo patrón de parella e de relación, ás veces moi tóxica. E, ao final, eu atopeime normalizando estes patróns. O poder da literatura é amosar historias diferentes da narrativa dominante.

—Este libro ten un marcado ton de crítica social. É este matiz intencionado? Isto é, hai algunha vontade de concienciar?

Non, o meu obxectivo nunca foi concienciar, mais si reflexionar eu mesma sobre temas que me preocupaban. A novela saíu da reflexión. Teño moita sorte porque con este traballo, coa escrita, podo pararme a pensar sobre cuestións nas que non me detería. Escribir é un momento para min, que me permite parar e reflexionar. Teño a sorte de poder facelo.